



# Concello de A Mezquita

## **BANDO**

### **“AXUDAS ECONOMICAS ÁS FAMILIAS CON PERSOAS EN SITUACION DE DEPENDENCIA OU DISCAPACIDADE”**

**D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,**

#### **FAI SABER:**

Que a Consellería de Política Social e Xuventude por Orde do 3 de abril de 2023 establece as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do Programa de Respiro familiar para persoas coidadoras e se procede a sua convocatoria para o ano 2023(codigo de procedemento BS614B)

#### **BENEFICIARIOS:**

Poderán ser beneficiarias das axudas do Programa Respiro Familiar aquelas persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de maneira continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para actividades da vida diaria mediante informe médico e social.

Requisitos :

- A persoa coidadora solicitante ou ben a persoa ou persoas que ela atende sexan residentes na Comunidade Autonoma de Galicia.
- Que a persoa que se atende presente discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceira persoa e ter recoñecido un 75% de munusvalía.
- Ter recoñecido situación de dependencia en grao II ou III, polo órgano competente.

#### **LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION**

As persoas interesadas poderán informarse, a través do departamento de Servizos Sociais do Concello ata o 30 de outubro.

Para calquera dúbida poden acudir a oficina de Servizos Sociais do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.

**En A Mezquita.**

**O ALCALDE,**

**Asdo: Rafael Pérez Vázquez**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

